

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 20 DE MAIO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinte de Maio de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-  
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 13 de Maio.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-**

Visto o escrito de Don Antonio Rosendo Fernández, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Travesía do Ribeiro, 1º H, no que interesa autorización municipal para colocación dunha lápida conmemorativa na sepultura 444 do Cemiterio Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

Visto o escrito de Dona Enriqueta Silva Pérez, veciña desta

Vila, con domicilio na rúa Travesía do Ribeiro, 1º H, no que interesa autorización municipal para colocación de lápida conmemorativa no socalco 1º esquerda do Cemiterio Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento de Ribadavia e Santa Cristina.

Da Deputación Provincial, Decreto concedendo unha subvención por importe de 400.000 pesetas para "Festa da Istoría 1996".

Da Deputación Provincial, Decreto concedendo unha subvención por importe de 350.000 pesetas para "Gastos do equipo Atlético Ribadavia".

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

Exminadas as liquidacións do Imposto Municipal do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, practicadas pola Intervención, a Comisión Municipal de Goberno por unanimidade, presta aprobación ás que de seguido se relacionan: Expte. 4/96, por venda de inmovible a Dona María Luísa Pérez Giráldez, con domicilio na Praza da Magdalena, 3, por importe de 122.754 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura presentada por Gremaca y Cía, S.L., pola colocación de tres tomas de corrente na Alameda para 30 kw e unha toma de corrente na Praza para 40 kw, por importe de 116.000 pesetas, durante a XXXIII Edición Feira do Viño do Ribeiro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar unha subvención por importe de 10.000 pesetas á Comunidade Franciscana de Ribadavia, pola utilización das instalacións da Igrexa Conventual de San Francisco, durante a celebración do I Ciclo de Música Sacra que tivo lugar durante os pasados días 31 de Marzo e 6 de Abril.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración entre este Concello e maila Asociación Cultural Recreativa Santa Marta, para a organización do torneo de verán de fútbol sá.

**APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO "SANEAMENTO EN RIBADAVIA".-** A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo proxecto técnico da obra "Saneamento en Ribadavia" do Plano Base 1996, nº 54, redactado polo Enxeñeiro Agrónomo, Don Pablo Millán Trillo, cun orzamento total de contrata de 11.086.000 pesetas.- 2º.- Solicitar á Deputación Provincial a delegación de competencias para a realización da devandita obra.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.